



1 2 3 4 5

CONSIDERACIONES

1

PANORAMA ECONÓMICO

• Contexto económico xeral

As presións sobre a economía mundial, derivadas fundamentalmente, dos problemas internos tanto dos Estados Unidos como da euro zona, dos altos prezos do petróleo ou das repercusións económicas derivadas das catástrofes naturais acaecidas en determinadas áreas xeográficas, acabaron por deteriorar as perspectivas de crecemento da economía mundial, que no ano 2011 rexistrou un incremento porcentual do seu PIB do 3,9%, fronte ao 5,3% acadado no ano 2010.

O crecemento económico mundial segue sendo desigual, rexistrando taxas de variación do PIB do 1,6% nas economías avanzadas, fronte ao 9,2% ou o 7,2% de crecemento en países como China ou India; aínda que, de xeito xeral, prodúcese no ano 2011 unha ralentización no crecemento tanto das economías avanzadas como das emerxentes.

A moderación nas taxas de crecemento do conxunto das economías avanzadas está asociada ao freo no avance da demanda interna, que pasa de

taxas de crecemento do 3,1% no ano 2010 ao 1,2% no ano 2011. A ralentización da demanda interna dos países con economías avanzadas é consecuencia da estabilidade no gasto en consumo público, que se mantén no mesmo nivel que no ano precedente, xunto ao descenso no crecemento do consumo privado, así como do incremento nunha décima porcentual do crecemento da formación bruta de capital en relación ao ano anterior, acadando unha taxa do 2,4%. As políticas de consolidación fiscal levadas a cabo en EEUU, onde decrece o gasto público nun 1,2%, e na zona euro, onde só se incrementa un 0,1%, premien á baixa a demanda interna nas economías avanzadas.

• Zona euro

A totalidade dos países da zona euro, 17 dos 27 membros da Unión Europea, salvo Grecia e Portugal, presentan crecemento do seu PIB real, crecemento baseado fundamentalmente na produción industrial e nas exportacións. O PIB real da zona euro mantén, aínda que ralentizado, o crecemento, acadando taxas de variación do

1,4%, fronte ao 1,9% do ano 2010. Este crecemento, sen embargo, segue sendo, igual que acontecía no ano anterior, desigual entre os países do norte de Europa -con crecementos en torno ao 3%- e os países periféricos -con taxas de variación do seu PIB en torno ao 1%-. A igual que acontece no conxunto da economía mundial, o crecemento da zona euro vese freado polos efectos sobre a demanda interna do estancamento no consumo público e privado. Esta evolución enmárcase nun contexto de intensificación da crise da débeda soberana na UEM e de fortes tensións nos mercados financeiros

• A economía española

No ano 2011, o PIB xerado pola economía española experimentou un aumento, acadando unha taxa de variación interanual do 0,7%, fronte ao decrecemento do 0,1% rexistrado no ano 2010.

As taxas de crecemento do PIB vanse debilitando a medida que avanza o ano, acadando a taxa máis reducida de crecemento do PIB no cuarto trimestre, co 0,3%.

A evolución do PIB real da economía española está condicionada pola contribución negativa do 1,8% por parte da demanda interna, que se explica, fundamentalmente, pola redución do investimento en construción (-8,1% en relación ao ano anterior) e polo retroceso do consumo público (-2,2% en relación ao ano anterior), retroceso amortecido pola contribución positiva da demanda externa.

A pesar do crecemento do 0,7% do PIB, ao longo do ano 2011 continua o proceso de destrución de emprego e de tecido empresarial, con incrementos no número de parados rexistrados do 4,8% e dos parados estimados segundo a EPA do 7,9%.

Como desequilibrios estruturais da economía española, destacan negativamente a taxa de paro e a elevada débeda externa neta, así como o volume de déficit público que, sen embargo, esta asociado a unha débeda pública por debaixo da media europea.

A corrección dos desequilibrios estruturais da economía española, xunto coa desaceleración do crecemento das exportacións, coas expectativas de axustes fiscais máis intensos asociados á desviación do déficit público producido no ano 2011, derivan nun cada vez maior deterioro das perspectivas de crecemento a curto prazo da economía.

O CES entende prioritario valorar a implementación de medidas de estímulo que coaduxen na consecución da recuperación áxil e estable da economía e que favorezan a xeración de emprego.

• A evolución xeral da economía galega

Tras acadar no ano 2010 unha taxa de variación positiva do PIB real do 0,1%, superior á media estatal en dúas décimas, no ano 2011 a economía galega estabiliza o seu crecemento en taxas de variación do 0,3%, inferior en catro décimas ao crecemento rexistrado no estado español no citado ano. A recuperación económica que semellaba asomarse no segundo semestre do ano 2010 fréase a partir do segundo trimestre do ano 2011, chegando a acadar un taxa de crecemento cero no último trimestre.

A ralentización da actividade económica reflíctese nunha nova contracción do mercado laboral, cunha diminución do total de afiliados á Seguridade Social e un incremento do 13,7% no total de parados estimados polo Instituto Nacional de Estatística, o que supón un incremento superior en máis de cinco puntos porcentuais ao rexistrado no conxunto do Estado.

• Agregados de demanda

A ralentización da recuperación económica está

vinculada á redución en torno ao 1% do consumo privado e público, ao descenso, aínda que en menor medida, da formación bruta de capital e ao menor impulso do sector exterior, con reducións no crecemento tanto das exportacións como das importacións.

A evolución destes indicadores, así como a persistencia do pesimismo en canto ás expectativas de recuperación que mostra o consumidor galego, condicionan a evolución negativa de indicadores relacionados co consumo como poden ser o índice de vendas ao retalho ou a ocupación hoteleira.

A evolución do investimento, medido a través da formación bruta de capital fixo, mostra unha contracción do 4,2%, inferior á rexistrada no ano precedente, que fora do 6,2%, e inferior igualmente á rexistrada no conxunto do Estado, que foi do 5,1%.

A achega positiva do sector exterior segue sendo, tal como acontecía no ano 2010, un pilar fundamental na evolución do PIB galego, aínda que comeza a dar sinais de debilidade, con incrementos tanto das importacións como das exportacións inferiores aos do ano anterior, consecuencia fundamentalmente dos efectos da crise económica, así como da políticas contractivas que se están a desenvolver en determinados países con gran importancia no comercio internacional.

• Os agregados de oferta

A evolución da economía galega desde o punto de vista da oferta, no ano 2011, segue sendo dual. Por unha banda, as ramas agrarias e pesqueiras, así como o sector servizos, mostran taxas de crecemento positivas -do 2,3% e do 1,1%, respectivamente-, aínda que inferiores en ambos casos ás acadadas no ano precedente, e, por outra banda, o sector industrial e a construción mostran taxas de variación do PIB negativas, no caso do sector industrial, empeorando en relación ao ano anterior, onde as taxas eran positivas, e no caso do sector da construción, con taxas menos negativas que as que rexistrara no ano 2010 (-7,3%).

En comparación coa evolución sectorial da economía española, no que respecta ás ramas primarias, a economía galega mostra un maior dinamismo, acadando, salvo no terceiro trimestre do ano, taxas de variación en torno ao 2%, que chegan ao 4,5% no primeiro trimestre, mentres que no Estado só superan o 1% de crecemento no primeiro trimestre do ano.

O sector da construción, de xeito semellante, mostra unha evolución menos contractiva na economía galega, con taxas de variación interanual menos negativas que as que se acadan no conxunto do Estado.

De xeito contrario, o sector industrial mostra en Galicia unha evolución peor. Neste senso, as taxas de variación interanual do PIB do sector en Galicia son negativas nos catro trimestres, chegando a unha taxa de variación negativa do 1,8% no ano 2011, fronte á evolución positiva no conxunto do Estado, que rexistra unha taxa de crecemento do 1,9%, pero que mostra, sen embargo, unha desaceleración a nivel trimestral, chegando a acadar taxas negativas no último trimestre.

• Distribución funcional da renda, salarios e custos laborais

Seguindo a tendencia do ano anterior, o incremento do PIB real do 0,3%, xunto coa redución no ano 2011 do 1,6% e do 1,8% da poboación ocupada e asalariada, respectivamente, ten como consecuencia variacións na distribución funcional da renda. No ano 2011 o excedente bruto de explotación/renda mixta acadou o 45,7% do PIB, 1,7 puntos porcentuais máis que no ano anterior, fronte á remuneración dos asalariados, que perdeu 1,5 puntos porcentuais (47,7% no ano 2010, 46,2% no ano 2011), descenso tamén sufrido polos impostos netos sobre a produción.

O aumento salarial pactado, sen ter en conta as cláusulas de revisión salarial, foi en Galicia do 3,04%, (2,85% con revisión salarial), catro décimas máis que o rexistrado no ano 2010, e, seguindo a tendencia de anos anteriores, superior ao incremento salarial pactado medio no conxunto do Estado (2,48%).

Os custos laborais medios foron en Galicia no ano 2011 de 2.265,35 euros mensuais, o que implica un incremento do 0,6% respecto ao ano anterior. O custo laboral medio en Galicia é un 11,4% inferior á media estatal, o que volve a situar a Galicia como a terceira Comunidade con custos laborais máis baixos.

A produtividade aparente do factor traballo no ano 2011 en Galicia incrementábase nun 3,4%, sete décimas menos que o incremento medio no Estado. Esta mellora na produtividade é consecuencia da variación positiva do PIB así como do descenso do emprego.

O CES estima que a valoración positiva da mellora en produtividade debe matizarse co feito de que esta mellora está causada, fundamentalmente, pola perda de emprego, agás no caso do sector industrial, onde a variación positiva do VEB a prezos correntes do sector é superior á taxa de variación interanual da súa ocupación.

• Inflación e prezos

A tendencia ascendente da inflación en Galicia rexistrada no ano 2010 continuou nos dous primeiros trimestres do ano 2011, cambiando no segundo semestre do ano, acadando en decembro o 2,5%, o valor máis reducido do Índice de Prezos ao Consumo dende outubro de 2010. O IPC medio anual en Galicia no ano 2011 foi do 3,4%, dúas décimas superior á media estatal.

Os grupos de produtos máis inflacionistas, tanto en Galicia como en España, son os integrados nos de bebidas alcohólicas e tabaco, vivenda e transporte. Pola contra, os produtos menos inflacionistas no ano 2011 foron os de medicinas, comunicacións e ocio e cultura, que sufriron deflación no último ano.

A subida do 4,9% en Galicia do Índice de Prezos Industriais (5,2% no conxunto do Estado) ten como causa básica a subida do 13,3% da enerxía, aínda que o incremento no índice de prezos é xeneralizado en todos os tipos de bens, sendo os bens de equipo e os bens de consumo duradeiro os que menos incrementan os seus prezos.

A evolución alcista dos prezos, nun contexto de crise económica e de contracción da demanda, pode estar relacionada con factores externos, como o incremento no prezo do petróleo ou de determinadas materias primas nos mercados internacionais, coa nova imposición ou subida nos impostos sobre determinados produtos, así como coa subida dos prezos de servizos regulados (electricidade, gas natural, transporte...).

• Marco orzamentario e recadación tributaria

O orzamento consolidado da Comunidade Autónoma galega para o ano 2011 ascendeu a 9.708 millóns de euros, un 10,8% menos que os orzamentos estimados inicialmente no ano 2010. Este orzamento representa o 16,9% do PIB a prezos correntes do ano 2011.

Se os orzamentos para o ano 2010 estimaban que a situación inicial de necesidade de financiamento se situaría en 1.414 millóns de euros, os de 2011 presentaron unha necesidade de financiamento de 624 millóns. O endebedamento bruto ascendeu a 1.145 millóns de euros, aplicándose o 35,8% do mesmo á amortización da débeda. O endebedamento neto, redúcese no exercicio 2011 ata os 735,25 millóns de euros, é dicir o 1,3% do PIB rexional, que é o déficit máximo establecido no acordo do Consello de Ministros do 3 de setembro de 2010, dentro dos obxectivos individuais de estabilidade orzamentaria para as Comunidades Autónomas, no trienio 2011-2013. As previsións de liquidación do orzamento do ano 2011 mostran unha porcentaxe do 1,61% de déficit en relación ao PIB rexional, a máis reducida das dezasete Comunidades Autónomas, xunto con A Rioxa.

No que respecta á execución orzamentaria, destacar que, sendo a necesidade de financiamento

prevista no orzamento inicial de 624 millóns de euros, na execución orzamentaria ascendeu a 693,3 millóns de euros, 69,2 millóns de euros máis, como consecuencia de que os gastos non financeiros iniciais son superiores aos do orzamento executado, e os ingresos non financeiros executados tamén son inferiores aos estimados inicialmente, desaxuste explicado fundamentalmente, pola evolución dos ingresos correntes.

Dentro dos ingresos correntes, destacan pola súa importancia cuantitativa os ingresos tributarios. Os cambios normativos en materia impositiva posibilitaron que a recadación tributaria total en Galicia crecera no último ano un 5,6% respecto do ano anterior, acadando os 5.631,4 millóns de euros. En termos absolutos a recadación por IRPF acadou os 2.547 millóns de euros (2,9% máis que no ano 2010), o IVE os 1.966 millóns (13,4% máis) e o imposto de sociedades os 881 millóns (1,5% menos) O 82% dos ingresos tributarios do ano 2011 proceden da recadación destes tres impostos.

• Convergencia e evolución demográfica

Fronte ao incremento da poboación empadroada no conxunto do Estado (0,4% máis que no ano precedente), a poboación en Galicia descende novamente un 0,1% no ano 2011 respecto ao ano anterior. A diminución na poboación empadroada segue concentrándose nas provincias de Lugo e Ourense, fronte ao 0,1% de incremento na poboación empadroada nas 24 comarcas da Galicia occidental-costa.

Salienta que o crecemento vexetativo en Galicia no ano 2011 ten un saldo máis negativo que no ano precedente, sendo a nosa Comunidade a que presenta a segunda taxa de natalidade máis baixa e a taxa de mortalidade máis elevada do Estado español, por detrás de Asturias.

No que respecta ao proceso de converxencia coa media estatal e europea, en termos do PIB per cápita, a economía galega rexistra ao longo dos últimos anos un proceso de converxencia ás citadas medias, situándose no 90,7% da media española no ano 2011, no 87% da media UE-27 no ano 2009, último dispoñible, e no 75% da media UE-15 no citado ano 2009, converxencia favorecida, en gran medida, polo descenso do seu peso poboacional.

O grado de converxencia de Galicia pode medirse tamén a través do nivel de cumprimento dos indicadores de seguimento dos obxectivos fixados no acordo pola competitividade de Galicia 2008-2011, onde destaca positivamente, dentro dos indicadores de I+D+i e Sociedade da información, os indicadores relacionados coas solicitudes de patentes vías estatal, a porcentaxe de poboación que emprega internet, ou as empresas con páxina web ou que interactúan coas Administracións Públicas utilizando internet, acadando en todos estes casos niveis de cumprimento superiores ao obxectivo fixado para o ano 2011. □

O CES entende que, dado o deterioro progresivo da pirámide poboacional galega, con taxas de natalidade moi reducidas e cunha idade media da poboación cada vez maior, resulta necesario implementar medidas públicas que eviten dito deterioro.

2

MERCADO DE TRABAJO E RELACIÓNS LABORAIS

• Panorama xeral do mercado de traballo en Galicia

Un dos principais desequilibrios da economía galega, consecuencia da crise económica e de problemas estruturais, é o elevado, crecente e persistente desemprego, xunto coa especial incidencia do mesmo en determinados grupos de idade.

O estancamento económico de Galicia no ano 2011, asociado a taxas de crecemento reais do PIB do 0,3%, agudiza o impacto negativo da crise no mercado laboral galego, o que se reflicte no descenso do número de afiliados á Seguridade Social que, por primeira vez dende o ano 2005, se sitúa por debaixo do millón de persoas, redúcese a poboación ocupada en máis de 17 mil persoas e aumenta a poboación parada, rexistrándose 241.300 persoas nesta situación. Nos últimos cinco anos, o paro rexistrado en Galicia incrementouse en máis de 90 mil persoas, e o paro estimado pola Enquisa de Poboación Activa aumentou en máis de 129 mil.

A evolución do mercado laboral no ano 2011

favorece o incremento na taxa de actividade galega en relación ao ano anterior, o descenso na taxa de ocupación e o incremento nas taxas de paro.

Derivado da crise económica, conséntase un incremento da poboación activa, máis intenso en Galicia (0,8% máis que no ano 2010) que no conxunto do Estado (0,1%). Este incremento prodúcese exclusivamente pola incorporación ao mercado laboral de mulleres, fronte á perda de poboación activa masculina; neste senso destacan os incrementos de 14.100 e 153.200 mulleres activas en Galicia e España respectivamente, no ano 2011.

O incremento de poboación activa feminina relaciónase coa redución da poboación feminina inactiva, que en Galicia foi de 17.300 mulleres e en España de 105.700 mulleres inactivas menos. No caso galego máis da metade das mulleres inactivas que deixan de selo no ano 2011, estaban dedicadas ao traballo nas labores do fogar.

A crise económica está propiciando a incorporación ao mercado laboral de mulleres inactivas procedentes do grupo de actividades de labores do fogar. Por outra banda, o grupo de idade no que se produce un maior incremento porcentual da ocupación feminina é o de mulleres de máis de 55 anos. O CES considera que, dadas as súas singulares características, este colectivo require dun especial seguimento e consideración por parte dos poderes públicos.

A situación do mercado laboral motivou as reformas introducidas polo Real Decreto-Lei 10/2010, de 16 de xuño, e pola Lei 35/2010, de 17 de setembro, que trataban de crear emprego estable a través do fomento da contratación indefinida, polo Real Decreto-Lei 7/2011, de 10 de xuño, sobre a reforma do Título III do Estatuto dos Traballadores e polo Real Decreto-Lei 10/2011, de 26 de agosto, de medidas urxentes para a promoción do emprego dos xóvenes, o fomento da estabilidade no emprego e o mentemento do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego.

Dadas as graves implicacións da crise económica, e as súas consecuencias no mercado laboral galego, o CES entende que, de xeito prioritario, se deberían de implementar reformas dirixidas a fomentar o emprego, facilitar o acceso ao financiamento e favorecer o crecemento económico, única vía para xerar emprego de calidade.

• O emprego

No ano 2011 os datos da EPA novamente mostran un descenso na ocupación, en torno ás 17.700 persoas ocupadas menos que no ano anterior, o que implica unha taxa de emprego do 45,6%, seis décimas inferior á existente no ano 2010, e 1,4 puntos porcentuais inferior á taxa media estatal, 1,8 puntos no ano 2010.

A perda de poboación ocupada está especialmente localizada en homes, asalariados do sector da construción con idades entre 25 e 34 anos, cun nivel de formación acadado de primeira etapa da educación secundaria e que habita na provincia de Pontevedra.

O descenso no volume de ocupación no ano 2011 en relación ao ano anterior, é levemente menor no mercado laboral galego (-1,6%) respecto da media estatal (-1,9%), estabilizándose no 6% o peso porcentual dos ocupados galegos no total estatal.

O descenso no emprego centrouse na poboación masculina, con 17.350 ocupados menos, fronte á diminución de 325 mulleres ocupadas, consecuencia, fundamentalmente, dos efectos sobre o emprego da contracción do sector da construción, historicamente masculinizado.

No que respecta á nacionalidade das persoas que perden o seu emprego, 10.125 persoas teñen nacionalidade española (o 1% dos ocupados de nacionalidade española) e 7.575, estranxeira (o 15,4% dos estranxeiros ocupados).

Por grupos de idade a totalidade da perda de emprego prodúcese nos menores de 34 anos, con 25.120 ocupados menos, dos que o 58% son homes; por nivel de formación, a perda de emprego máis importante correspóndese con persoas cun nivel de formación de primeira etapa de educación secundaria.

A nivel sectorial, a ocupación no ano 2011 redúcese en todos os sectores produtivos, agás na industria, sendo o sector onde se destrúe máis emprego o da construción, con 13.900 ocupados

menos. Por ramas de actividade, a que perde maior emprego, en termos absolutos de afiliación á seguridade social, é a de construción especializada, entre as ramas de actividade que presentan no ano 2011 incrementos na afiliación está a de asistencia en establecementos asistenciais, as actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas.

A redución no volume de ocupación prodúcese tanto nos traballadores por conta propia, con 2.300 traballadores menos, como no grupo de asalariados que perden en torno aos 15.200 ocupados, máis do 95% homes. O descenso no número de asalariados céntrase no sector privado, xa que o emprego público incrementou en 1.600 os seus asalariados (0,8%). Os grupos máis afectados pola perda de emprego son os ocupados en postos de técnicos e profesionais de apoio con 28.300 ocupados menos e no grupo de “directores e xerentes” con 5.300 ocupados menos. No ano 2011 o grupo de ocupación menos afectado é o dos “empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina” cun 30,5% de incremento de ocupación o que supón 22.300 ocupados máis que no ano anterior.

Os graves efectos da crise económica sobre o mercado laboral, obsérvanse claramente na forte perda de ocupación, neste senso, nos últimos cinco anos o mercado de traballo galego perde 35.700 traballadores por conta propia e 74.100 asalariados.

No contexto actual de destrución case xeneralizada de emprego, destaca positivamente, o crecemento no número de traballadoras por conta propia, especialmente é de significar a existencia no ano 2011 de 600 mulleres máis empregadoras, con asalariados, fronte á redución de 1.600 homes na mesma situación profesional.

• Características e dinámica do mercado de traballo

O número de ocupados reduciuse en todas as Comunidades Autónomas no ano 2011, agás nas Illas Canarias onde se incrementou en 6.000. A taxa de emprego en Galicia foi do 45,6%, a undé-

cima do Estado, correspondendo a maior taxa á Comunidade de Madrid (53,4%) e a menor á Comunidade de Estremadura (40,8%). Asociado á redución na ocupación prodúcese un incremento no número de parados en todas as Comunidades Autónomas, sendo as que presentan unha maior taxa de paro Andalucía (30,4%), Canarias (29,7%), Murcia e Estremadura (25% en ámbolos dous casos), Galicia, tras incrementar en dous puntos porcentuais a súa taxa de paro acada o 17,4%, o que a sitúa no décimo posto en canto a maior taxa de paro das dezasete Comunidades Autónomas. A taxa de paro galega é 4,2 puntos porcentuais inferior á taxa media estatal, o que ten que valorarse tendo en conta que a súa taxa de actividade é a terceira máis reducida do Estado, só por diante de Asturias e Estremadura.

En Galicia no ano 2011 existían 209.500 persoas con contrato temporal, o que supón que 24,7 de cada cen asalariados con contrato son temporais, (25,3 de media no Estado), sendo en torno a cinco puntos porcentuais maior a taxa de temporalidade feminina que a masculina. Ao longo de 2011 prodúcese unha redución de catro décimas da taxa de temporalidade fronte ao incremento de catro décimas da taxa media estatal. A provincia de Pontevedra, a pesar da redución de tres décimas, segue sendo a que presenta unha maior taxa de temporalidade (26,6%)

A pesar da redución do 1,7%, o número de contratos rexistrados nas oficinas de emprego en Galicia foi de 671.000, dos que o 92% corresponden aos de duración temporal e o restante 8% de duración indefinida ou convertidos en indefinidos. O índice de rotación de contratos segue sendo elevado, xa que os 209.700 asalariados temporais asinaron 617.500 contratos, o que indica que cada asalariado tivo unha media de tres contratos no ano 2011. Dentro da contratación temporal destacan polo seu número os contratos eventuais segundo circunstancias da produción e os de obra ou servizo que representan o 81,5% da contratación temporal total en Galicia no ano 2011. O 32% dos contratos temporais en Galicia, son asinados por persoas con idades comprendidas entre 30 e 39 anos, sendo o 59%

dos contratos temporais de duración inferior a 6 meses, dos que o 26% teñen unha duración entre 15 días e un mes.

No ano 2011 redúcese a poboación ocupada a tempo completo e incrementábase a ocupada a tempo parcial. O peso do emprego a tempo parcial na economía galega segue sendo reducido, a pesar do incremento que se produce no ano 2011, así só 12,2 de cada 100 ocupados son a tempo parcial, fronte aos 13,8 de cada 100 de media no Estado. O emprego a tempo parcial incrementouse no ano 2011 en Galicia (2,7%) en maior medida que na media estatal (2,2%). A poboación masculina ocupada a tempo parcial se incrementa nun 7,7% no ano 2011, a pesar do que o emprego feminino segue representando o 76,8% da total de poboación contratada nesta xornada.

• Poboación parada

A poboación parada estimada pola EPA incrementouse en Galicia en 28 mil persoas no ano 2011, un incremento interanual do 14,7% no caso das mulleres e do 13% para os homes. No ano 2011 a poboación parada estimada ascende a 228.250 persoas, 129.600 persoas máis que no ano 2007, e 28.000 máis que no ano anterior. O desemprego afecta aos segmentos de poboación de menor idade, de xeito que o 45,7% das persoas paradas teñen menos de 34 anos, e o 37,8% dos menores de 25 anos non teñen emprego. Así mesmo, no que respecta á duración da situación de desemprego, o 46,8% da poboación parada galega leva máis dun ano na procura de emprego, dos que 51.800 persoas levan dous ou mais anos nesa situación. Xeograficamente, o 42% da poboación parada galega está localizada na provincia de Pontevedra.

O número de persoas rexistradas como paradas nas oficinas de emprego foi de 241.323, de media 15 mil máis que no ano 2010, e, a diferenza do acontecido en anos anteriores, o paro rexistrado medra en Galicia máis que na media do Estado, 6,7% fronte ao 4,8%. O paro rexistrado medra nas catro provincias galegas, e en todos os sectores produtivos, sendo o sector ser-

vizos o que acolle un maior volume de parados, seguido da construción, sendo este último o que presenta maiores taxas de crecemento do paro.

Os perniciosos efectos da crise económica son visibles, fundamentalmente, no mercado de traballo, caracterizado pola acumulación de persoas paradas despois de catro anos consecutivos de destrución de emprego, polo desemprego xuvenil e por un elevado paro de longa duración.

Ante esta situación, parece evidente que paliar o problema do desemprego é para o CES o principal reto a acadar, o que resulta difícil con taxas de crecemento reducidas como as actuais.

O CES considera neste senso que se deben de atallar no curto prazo os problemas de precariedade social e económica derivados da situación de desemprego, poñendo as bases para un crecemento económico forte que xere emprego de calidade.

• Relacións laborais

O Real Decreto-Lei 7/2011, de 10 de xuño, de medidas urxentes para a reforma da negociación colectiva, afectou, entre outras materias, á determinación da estrutura da negociación colectiva e as regras sobre concorrencia de convenios, ao procedemento negociador e a os mecanismos para solventar as controversias derivadas da falla de acordo, ao contido mínimo dos convenios colectivos e a os suxeitos lexitimados para negociar.

No que respecta á negociación colectiva, en Galicia no ano 2011 rexistráronse 830 convenios, (126 de sector e 704 de empresa), un 14% máis que no ano anterior, dos que no ano 2011 asináronse e/ou revisáronse 164, 18 menos que no ano precedente, afectando a 205.000 traballadores (182.439 afectados por convenios de sector e 23.221, por convenios de empresa). O incremento salarial medio pactado nos 181 convenios asinados ou revisados en 2011, foi do 2,82%, o máis baixo, xunto co do ano 2010, dos últimos anos, aínda que é tres décimas superior ao IPC galego. A xornada media efectiva incrementouse ata as 1.597,4 horas anuais (1.572,4 de media no Estado), sendo Galicia a terceira Comunidade Autónoma con maior xornada media efectiva por detrás de Canarias e Baleares.

No ámbito da regulación de emprego, no ano 2011 o número de expedientes de regulación de emprego incrementábase en Galicia nun 73%, chegando a ser 22.829, o 6,6% do total estatal. Do conxunto de traballadores afectados por estes expedientes, o 69% o foron por medidas de suspensión, o 18% por medidas de extinción e o 13% por medidas de redución. Neste senso, en Galicia no último ano, 10,896 traballadores resultaron afectados por medidas de suspensión, 4.000 por medidas de extinción e 3.000 por medidas de redución, sendo da provincia de Pontevedra o 55,4% dos traballadores afectados por expedientes de regulación e o 48,4 % dos afectados por medidas de extinción

Galicia é a quinta Comunidade Autónoma en número de expedientes de regulación de emprego autorizados, por detrás de Cataluña, Valencia, Andalucía e País Vasco.

• Seguridade e saúde no traballo

No ano 2011 mantense a tendencia, iniciada no 2008, de descenso no número total de accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, que se sitúa en 31.000, un 15,6% menos que no ano anterior. O índice de incidencia acadou en Galicia os 3.695 accidentes por cada cen mil traballadores afiliados, 255 accidentes máis que na media estatal, continuando Galicia no sexto posto entre as Comunidades con maior sinistralidade.

O sector servizos é o que presenta un maior número de accidentes laborais, con máis de 13.000, aínda que o sector da construción é o que ten un maior índice de incidencia, con 8.045 accidentes por cada cen mil afiliados.

A redución no número de accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, así como do índice de incidencia, é consecuencia, tanto do seguimento das medidas de seguridade como do descenso de actividade, polo que non se debe cesar na observancia do cumprimento da normativa sobre seguridade e saúde no traballo.

• Políticas de formación para o emprego

No marco das políticas activas de emprego, hai que destacar a redución no ano 2011 do cursos, alumnos e orzamentos cara á formación profesional para o emprego dirixida prioritariamente a persoas desempregadas, así como o incremento tanto das do orzamento dedicado á formación prioritaria a persoas ocupadas. O orzamento total para cursos de formación para o emprego, tanto para persoas empregadas como desempregadas, foi de 110 millóns de euros, un 4,7% inferior ao do ano anterior.

Dentro da formación profesional dirixida prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas, desenvolvéronse 1.034 cursos dentro dos programas de formación ordinaria, os que asistiron quince mil alumnos e aos que se lle asignou un orzamento de 65,6 millóns de euros; 47 cursos con compromiso de contratación con 751 alumnos formados e un orzamento de 1,9 millóns de euros, 67 cursos impartidos en centros propios con 1.040 alumnos e un orzamento de 3,7 millóns de euros, e finalmente, impartíronse dous cursos *on-line* para formación de formadores.

Dentro da formación profesional dirixida prioritariamente ás persoas traballadoras ocupadas, desenvolvéronse 26 plans de formación intersectorial e 145 de formación sectorial, así como 34 proxectos dirixidos ao estudo da formación profesional para o emprego en Galicia. □

3

DINAMISMO DO TECIDO PRODUTIVO

• Demografía empresarial

Desde o ano 2007 a economía galega entra nunha tendencia de destrución do tecido empresarial. Así, no ano 2011, por quinto ano consecutivo, redúcese o número de empresas inscritas no Réxime Xeral da Seguridade Social e no da minaría do carbón. O número de empresas inscritas foi de 81.125, 2.379 menos que no ano anterior e 8.500 menos que en 2007.

O descenso no número de empresas inscritas no réxime xeral da Seguridade Social e no da minaría do carbón en Galicia foi do 2,8%, fronte ao 2,4% no conxunto do Estado. A diferenza do acontecido no ano precedente, o deterioro do tecido empresarial no ano 2011 foi de maior intensidade en Galicia que no conxunto do Estado.

A nivel provincial, o maior descenso corresponde, novamente, á provincia de Pontevedra que dende o 31 de decembro de 2007 perdeu 4.067 empresas, o que implica o 48% do total da perda de empresas inscritas no conxunto de Galicia no período sinalado.

A presenza relativa dos traballadores autónomos galegos no total estatal mantense estable no ano 2011. Neste senso, os 147.288 autónomos inscritos en Galicia representan o 7,6% do total estatal, igual que no ano anterior, a pesar do maior descenso do número de autónomos en Galicia, (2,6%, o que supón 3.986 traballadores autónomos menos) que no conxunto do Estado (1,6%). Esta perda de traballo autónomo afecta en Galicia en maior medida ás mulleres, a diferenza do que acontece a nivel estatal. Neste senso, en Galicia no ano 2011 pérdese o 3,2% do traballo autónomo feminino (2.095 traballadoras) fronte á perda do 0,7% de media no Estado.

A dinámica empresarial, igual que acontecía no ano 2010, mostra un aumento no número de sociedades mercantís creadas, cunha intensidade menor ao incremento a nivel estatal que foi do 6% fronte ao 1,1% na Comunidade galega. O leve incremento no número de sociedades creadas está asociado a un forte aumento no volume de capital subscrito e desembolsado polas mesmas, un incremento do 240% en relación ao ano

anterior, superior ao incremento, tamén importante, do capital subscrito e desembolsado de media no Estado español que foi do 170%. Salientar que o 99% das sociedades mercantís creadas en Galicia no ano 2011 son sociedades de responsabilidade limitada, estando sen embargo o 63,7% do capital subscrito total, asociado ás 32 sociedades anónimas constituídas en Galicia no sinalado ano.

De igual xeito que se incrementa o volume de sociedades mercantís creadas, tamén se incrementa en Galicia, e no conxunto do Estado, o número de sociedades disoltas. O número de sociedades mercantís disoltas no ano 2011 foi un 5,2% superior ao do ano 2010. O índice de rotación en Galicia é de 35,9 empresas disoltas por cada mil constituídas, 12,6 máis que a media estatal.

O CES considera moi preocupante a elevada proporción de empresas disoltas en relación as constituídas en Galicia que, xunto co incremento sufrido polo número de empresas concursadas, poñen de manifesto as dificultades que padece o tecido empresarial para a súa consolidación e incrementa o seu deterioro. Por todo isto, faise necesario promover iniciativas que fomenten o desenvolvemento dun tecido empresarial estable na nosa Comunidade Autónoma, e que poñan freo a este elevado ritmo de deterioro.

Así mesmo, é necesario habilitar medidas que axuden á promoción de novas iniciativas empresariais, como unha maior axilidade nos trámites administrativos, facilitar o acceso ao financiamento e o fomento da cultura emprendedora en todos os ámbitos e especialmente no educativo.

No ano 2011 prodúcese un importante incremento do número de empresas en concurso de acredores, acadando as 368 empresas, un 24,7% máis que no ano anterior, fronte ao incremento do 16,6% de media no conxunto do Estado. O 6,3% do total de empresas concursadas en España no ano 2011 son galegas, pertencentes principalmente aos sectores da construción e con menos de 20 empregados, salientando nembargante que no ano 2011 en Galicia entraron en concurso de acredores, 11 empresas con máis de 100 empregados.

Finalmente, no que respecta ás empresas de economía social, en Galicia, a diferenza do que acontece de media no Estado, continúa o proceso de lixeiro aumento no número de cooperativas e traballadores destas, constituíndose 47 sociedades cooperativas no último ano.

Dende un punto de vista xeográfico, a crise económica non afectou de xeito homoxéneo a todo o territorio galego, sendo salientables os efectos da mesma na provincia de Pontevedra, onde se produciu o maior deterioro de tecido empresarial, así como a maior perda de afiliación á S.S. En termos de emprego, a perda de ocupación máis elevada, tanto en termos absolutos como relativos é en Pontevedra, acadando tamén a maior taxa de paro (20,9%) das catro provincias galegas.

• A estrutura produtiva

A estrutura produtiva sectorial galega, en comparación coa existente no conxunto do Estado, amosa un menor peso do sector terciario, (5,4 puntos porcentuais menos), e un maior peso porcentual dos tres sectores restantes, destacando que o sector primario na economía galega, representa o dobre de peso relativo que no conxunto do Estado.

Esta estrutura amosa un peso do 58% do sector servizos, dun 17,5% da industria, do 11,8% da construción e do 4,5% do sector primario.

As taxas de variación interanual do Valor Engadido Bruto (VEB) a prezos de mercado, por ramas

de actividade, mostra resultados negativos, agás nas ramas agraria e pesqueira cun incremento do 2,3% e nos servizos cunha taxa do 1,1%. Fronte a esta evolución positiva, o sector industrial e a construción reducen o seu valor engadido bruto en relación ao ano anterior nun -1,8% e -3,1% respectivamente.

O forte descenso do nivel de ocupación en todos os sectores produtivos, agás na industria, asociado a un incremento do PIB real do 0,3% ten como consecuencia o incremento no ano 2011 da produtividade aparente da economía galega no seu conxunto que se sitúa en 53.252 por ocupado, o que implica o 89,8% da media española, porcentaxe lixeiramente inferior ao acadado no ano 2010.

• Sector primario e industrias relacionadas

A pesar dunha notable ralentización, o VEB do sector primario en Galicia no ano 2011 segue a presentar unha taxa de crecemento real do 2,3%, que, igual que acontecía no ano 2010, está acompañado dunha destrución de emprego do 2,4% en relación ao ano anterior, o que deriva nun incremento da produtividade aparente do factor traballo no sector.

O sector primario galego, acolle o 10,9% da poboación ocupada no sector no conxunto do Estado, e aporta o 9,9% do VEB, acadando Galicia o terceiro posto en canto ás CC.AA. con maior importancia relativa neste ámbito.

En relación ao subsector agrogandeiro, a diferenza do acontecido no ano 2010, o ano 2011 caracterízase por unha forte redución no consumo de fertilizantes, en concreto o consumo dos fertilizantes nitroxenados e fosfatados redúcese en máis do 20%.

No que respecta á produción leiteira, Galicia acolle ao 55,8% das explotacións gandeiras con dereito a cota do conxunto do Estado é o 37,5% da cota leiteira total estatal. A pesar da redución do número de explotación con dereito a cota e do incremento das toneladas producidas, Galicia segue a ser a Comunidade Autónoma, cun menor rateo de toneladas por explotación, aca-

dando 181 mil toneladas por explotación, cando a media do Estado é de 270 mil.

O ano 2011 presentou un descenso do 2,1% da produción pesqueira e marisqueira total das distintas lonxas galegas, incrementase polo contrario o valor en primeira venda nun 3,6%, acadando un valor de 475 millóns de euros. A lonxa do porto de Vigo segue sendo a máis importante en termos de produción e de ingresos xerados pola súa primeira venda, acollendo o 20,2% da produción galega e o 27,3% do valor en primeira venda no conxunto das lonxas galegas.

En relación ao sector silvicultura-madeira, tal como acontecera no ano 2010, existe un comportamento diferencial, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, entre a industria de primeira transformación e as de segunda transformación. Neste senso as industrias de primeira transformación incrementan a súa facturación no ano 2011 nun 3% en relación ao ano anterior, crecemento asociado a un aumento de máis do 11% no volume de metros cúbicos de madeira cortados en Galicia.

Fronte aos resultados positivos da industria de 1ª transformación en Galicia, a industria de 2ª transformación, carpintería e mobiliario, descende a súa facturación en máis dun 12%.

Dada a importancia económica, social e medioambiental, así como a dependencia dunha gran parte do territorio galego da actividade primaria, o CES considera necesaria a implementación de medidas de apoio a este sector, que fomenten a modernización e innovación tecnolóxica e que faciliten a instalación de xóvenes no rural, máis tendo en conta que, no ano 2011, o 30% dos ocupados no sector primario en Galicia tiñan máis de 55 anos e só un 3,7% menos de 24 anos.

• Sector industrial

O Índice de Producción Industrial (IPI) de Galicia no ano 2011 redúcese un 7,1%, fronte ao descenso do 1,8% de media no Estado. O descenso deste indicador é máis significativo nos bens de consumo duradeiro, 12,5%, e nos bens de equipamento, cun descenso do 9,9%.

Así mesmo, os indicadores de confianza empresarial mostran como en torno á metade dos empresarios galegos no cuarto trimestre do ano 2011 previran a diminución da súa actividade, porcentaxe que chegaba a superar o 40% no caso dos empresarios do sector industrial.

O sector industrial no seu conxunto tivo un comportamento negativo, cunha taxa de variación negativa do VEB do 1,8%, fronte á taxa positiva do 0,4% acadada no ano 2010. Novamente os bens de consumo duradeiro son os máis afectados pola redución do IPI co 12,5% menos no ano 2011, directamente afectados polo descenso do consumo público e privado; a nivel estatal o IPI dos bens de consumo duradeiro descenden un 10,8 %.

A evolución dos indicadores do sector industrial en todos os ámbitos económicos, a caída do índice de confianza empresarial e a evolución negativa dos sectores de maior peso na nosa economía ao longo do ano 2011, son a constatación das dificultades que o noso modelo produtivo está sufrindo. Por isto, o CES considera fundamental promover actividades cara unha maior diversificación e diferenciación produtiva. É por isto que se fai necesario contar cunha política industrial de apoio e unha política educativa que permita cubrir as necesidades de cualificación de capital humano que aporte o valor engadido necesario neste novo proceso.

O consumo de produtos petrolíferos (gasolinas, gasóleos e fuel óleos) descende un 7,2% en Galicia, fronte ao 6,4% de descenso no consumo a nivel estatal, manténdose o peso relativo do consumo galego sobre o total estatal no 8,2%.

No que respecta ás ramas industriais máis significativas en Galicia, cómpre salientar en primeiro lugar o descenso tanto do volume de facturación como do emprego nas empresas do clúster da automoción. O ano 2011 no conxunto do clúster da automoción pechou cun 4,6% menos facturación e cun 8,3% menos de emprego.

A ruptura na tendencia cara á recuperación que parecía abrirse no ano 2010 é particularmente acusada nunha rama da industria, como é a da industria da automoción, que no ano 2011 facturou 7.000 millóns de euros e que acolle ao 11% do emprego industrial existente en Galicia.

O CES considera moi grave a situación do sector naval galego, que ve condicionada a súa supervivencia pola falta de acordos no marco normativo contractual, que incide na brusca caída dos pedidos.

En xaneiro do ano 2011 existían en Galicia, segundo datos do Directorio Central de Empresas, un total de 137 empresas dentro das actividades de construción naval, cun índice de especialización relativa da actividade en Galicia superior a 4, o que, xunto co volume de facturación e emprego do sector, dá idea da importancia do mesmo na economía de Galicia. A caída da carteira de pedimentos en termos de arqueo de máis do 36% acontecida no ano 2010, parecía vislumbrar dificultades para o sector naval en Galicia, materializadas no ano 2011, onde os estaleiros galegos rexistraron un importante descenso tanto do número de contratos (3 novos contratos fronte a 6 do ano 2010) como do arqueo total dos mesmos (2.634 toneladas de

arqueo, 26.000 menos que no ano 2010). Asema de o futuro da construción naval en Galicia é incerto, existindo só 10 contratos na carteira de pedimentos, a metade que no ano anterior cun arqueo catro veces inferior ao da carteira de pedimentos do ano precedente.

• O sector da construción

O valor engadido bruto xerado polo sector da construción en Galicia presentou en 2010 un descenso en torno ao 7%. No ano 2011 a caída do VEB continúa pero con menor intensidade, acadando o -3,1% de variación interanual. Esta caída de actividade tradúcese nun novo descenso da poboación ocupada no sector, que no ano 2011 é do 13,2%, superior á rexistrada no ano anterior (9,1%), de gran intensidade a causa da profundidade da crise que afecta ao sector en Galicia e no conxunto do Estado, agravada na nosa comunidade polo maior peso do sector (11,8% do VEB galego, fronte ao 10,5% de media en España).

Entre as causas do descenso do VEB do sector da construción aparece o descenso do 16,5% da licitación pública en Galicia, a pesar do incremento do 56,5% da licitación da Administración Xeral do Estado que palía en parte, o descenso do 53,9%, e do 65,8% da licitación da Administración Autonómica e Local respectivamente.

A redución de 307 millóns de euros no volume total de licitación, responde a 298 millóns de euros menos en edificación (188 millóns menos en edificación social) e 9 millóns de euros menos en licitacións públicas de obra civil.

A licitación de obra civil en Galicia só se reduce un 0,7% fronte ao descenso do 38,5% no conxunto do Estado, favorecida polo incremento de máis de 680 millóns de euros na provincia de Ourense que compensa, en gran medida, o descenso nas tres provincias restantes.

No que respecta ao mercado da vivenda, a súa evolución no ano 2011 marcou mínimos históricos, con descensos do 50% no volume de vivendas rematadas e do 23% no número de transac-

cións inmobiliarias. O descenso do número de transaccións inmobiliarias, así como das hipotecas concedidas segue sendo significativo a pesar da redución da taxa interanual do índice de prezos da vivenda e do índice de prezos da vivenda nova, acadando taxas de variación negativa no cuarto trimestre do ano 2011 do -7,9% e do -5,7% respectivamente, inferiores en ámbolos dous casos aos descensos medios no conxunto do Estado.

• Os sectores de servizos

As actividades englobadas dentro do sector servizos aportan o 58% do VEB xerado pola economía galega no ano 2011, o que supón máis de 33 mil millóns de euros e o 4,9% do VEB do sector servizos no conxunto do Estado.

A pesar da mellora, en canto a VEB xerado, experimentada polo sector no último ano, cun 1,1% máis que no ano 2010, o peso porcentual do sector en Galicia segue sendo cinco puntos inferior á media estatal. O crecemento do VEB do sector servizos non se reflicte na evolución da ocupación que, novamente, volve a reducirse no ano 2011 en máis de 4.000 persoas. O sector servizos acolle ao 67,7% dos traballadores ocupados en Galicia, sete décimas menos que no ano anterior, e ao 5,5% do total de persoas ocupadas no sector servizos no conxunto do Estado. Dentro do sector servizos, 21 de cada 100 persoas están ocupadas en actividades da rama de comercio por xunto e ao retallo, seguidas en importancia polas actividades das ramas de sanidade e Administración Pública e Defensa; Seguridade Social obrigatoria, educación e hostalería, acollendo conxuntamente o 62,4% da ocupación do sector.

Dada a importancia, tanto en facturación como en emprego, das actividades de comercio na economía galega, resulta moi preocupante o descenso do 2,6% no índice de vendas polo miúdo e o cada vez máis reducido índice da confianza empresarial.

O sector turístico galego no ano 2011 retoma a senda recesiva que coxunturalmente abandonara no ano 2010. Neste senso, o ano 2011 carac-

terizouse por un grao de ocupación hoteleira do 29,8% o máis reducido desde o ano 1999, primeiro da serie estatística, por unha redución do 12,7% nas pernoitas, e por un 12,1% menos de viaxeiros que no ano anterior.

Así mesmo, e de xeito contrario ao acontecido no conxunto do Estado, Galicia presenta unha redución tanto dos prezos hoteleiros (-2,9%) como dos ingresos por habitación (-14%).

A crise do sector turístico en Galicia intensificouse polo feito de non poder aproveitar o incremento na chegada de viaxeiros no conxunto do Estado, como consecuencia dos menores efectos da crise nos países do norte de Europa e do desvío de viaxeiros a causa da inestabilidade política nos países árabes.

• Transporte

O transporte por estrada é o máis importante tanto no que respecta ao tráfico de mercadorías como de pasaxeiros. Non obstante a evolución é dispar por canto diminúe o transporte de mercadoría por estrada nun 6,4% e aumentan nun 2,4% os pasaxeiros que utilizan o transporte urbano en autobús, motivado, fundamentalmente, polo incremento do prezo dos combustibles.

No transporte de mercadorías tamén é moi relevante o transporte marítimo e por ferrocarril. O transporte ferroviario de mercadorías diminuíu en Galicia un 19,4% fronte ao incremento do 8,3% no conxunto do Estado.

Finalmente o transporte de pasaxeiros por vía aérea incrementouse un 2% en relación ao ano anterior, acadando os 4,4 millóns de pasaxeiros. O incremento no número de pasaxeiros produciuse exclusivamente no aeroporto de Santiago de Compostela que no ano 2011 acolle ao 55,3% do total de pasaxeiros nos aeroportos galegos. O aeroporto de Santiago de Compostela acolleu a 2,5 millóns de pasaxeiros, o de A Coruña, tras un descenso do 8%, acolle un millón de viaxeiros e o de Vigo, tras un descenso do 10,7%, acada 976.000 pasaxeiros.

• Sector financeiro

No ano 2011 continúa o proceso de reestruturación do sector bancario, que tivo como consecuencia a redución de 45 a 17 caixas de aforros no Estado. En concreto en Galicia, avanzouse no proceso de fusión entre Caixa Galicia e Caixanova nunha nova entidade que chegou a acadar o 6,3% da cota de mercado no primeiro trimestre do ano 2011, sendo tamén salientable a fusión entre o Banco Popular e o Banco Pastor.

O número de oficinas de entidades financeiras en Galicia reduciuse nun 9,4% fronte ao descenso do 7,1% de media no Estado. Os depósitos do sector privado nas entidades de crédito tamén diminuíron un 3,2% (3,4% de descenso medio en España), descendendo tamén nun 9,1% o valor dos créditos concedidos polas entidades en Galicia, redución moi superior á media estatal que foi do -3,2%.

A situación do sector financeiro, que ven motivando a súa reestruturación dende o ano 2009, é un dos feitos de relevancia que incide de xeito negativo nas dificultades de acceso ao financiamento de empresas, fogares e do sector público. Por todo isto, o CES considera importante acadar a estabilización do sector.

• Sector exterior

No ano 2011, seguindo a tendencia de anos anteriores, o sector exterior contribúe positivamente ao crecemento da demanda agregada. O saldo comercial da balanza de pagos galega é menos negativo a causa do maior incremento das exportacións que das importacións, mellorando como consecuencia, a taxa de cobertura da economía galega, que pasa do 85,7% no ano 2010 ao 88% no ano 2011, acadando o 124,7% se temos en conta exclusivamente, as importacións e exportacións

galegas con terceiros países, isto é, sen ter en conta o comercio co resto das Comunidades Autónomas, que representa o 60,5% das importacións galegas e o 44% das exportacións e son a orixe do saldo negativo da balanza comercial galega e da baixa taxa de cobertura do seu conxunto.

O saldo comercial co resto das CCAA é negativo en 7.730 millóns de euros, fronte aos 6.077 millóns de saldo negativo acadado no ano anterior, o que implica unha diminución en 6 puntos porcentuais da taxa de cobertura do sector exterior galego en relación ao resto do Estado español, ata acadar o 64,1%.

O saldo comercial da economía galega con terceiros países no ano 2011 é de 3.470 millóns de euros, un 188% superior ao rexistrado no ano anterior, favorecido polo incremento do 17,6 % das exportacións galegas a terceiros países e do 2,42% das importacións dos mesmos. Este notable incremento das exportacións favorece un aumento da taxa de cobertura con terceiros países, que pasa do 108,8% no ano 2010 ao 124,7% no ano 2011.

A demanda externa segue sendo no ano 2011 o motor da nosa economía, ante as continuas diminucións da demanda interna. Sen embargo, no ano 2011 obsérvanse síntomas de desaceleración da demanda de terceiros países, debido fundamentalmente aos efectos da crise económica sobre os países compradores, basicamente os países da UE-27. O CES entende necesario fomentar os procesos de diversificación sectorial e xeográfica das exportacións galegas, cara potenciar a fortaleza das mesmas.

No que respecta ás importacións, salientan os produtos enerxéticos, co 26,7% do valor total, seguidos polos produtos alimenticios (16,6% do total) e dos bens de equipamento (9% do total). Por orixe, as importacións galegas concéntranse nos países da UE, o 50% das compras no exterior de Galicia teñen esa procedencia; en concreto, Francia e Portugal son os nosos principais países subministradores.

No que respecta ás exportacións, no ano 2011 prodúcese un incremento no valor das mesmas en todos os sectores, destacando o aumento superior ao 70% no valor das exportacións dos produtos enerxéticos. O principal destino das exportacións galegas cara a terceiros países é a UE-27, onde se dirixen as tres cuartas partes das mesmas, sendo tamén o orixe de máis da metade das importacións. A Zona Euro concentra o 64,5% do valor total das exportacións galegas, con Francia como principal destino das mesmas, seguida de Portugal.

No que respecta aos movementos de investimento internacionais, no ano 2011, increméntanse de xeito moi importante (480% máis), o volume de investimento estranxeiro en Galicia e redúcese o investimento galego no exterior (50% menos en relación ao realizado no ano 2010).

O investimento bruto estranxeiro en Galicia, acadou os 276,4 millóns de euros, fronte aos 47 millóns de euros do ano anterior, sendo a orixe do 77,5% do mesmo a UE-27. Este forte incremento está causado, fundamentalmente, pola consolidación de investimentos de países como Portugal e do despunte de novos países como China e Reino Unido.

O investimento galego no exterior, diríxese principalmente aos países da UE, co 52,9% do total, e cara as actividades do comercio polo miúdo, ás de subministro de enerxía e ás actividades de pesca e acuicultura que, conxuntamente, concentran máis do 85,3% do investimento galego en terceiros países. 

4

CALIDADE DE VIDA E BENESTAR SOCIAL

• Cobertura social e prestacións económicas

No ano 2011 apróbase a Lei 27/2011, de 1 de agosto, de actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social, que, por unha banda, pretende prolongar a vida laboral dos traballadores, e, por outra banda, habilita á modificación da regulación da relación laboral de carácter especial do servizo do fogar familiar a través do Real Decreto 1.620/2011, do 14 de novembro. Apróbase así mesmo a Lei 28/2011, do 22 de setembro, pola que se procede á integración do réxime especial agrario da Seguridade Social no réxime xeral.

A Seguridade Social rexistrou en 2011 un saldo negativo equivalente ao 0,09% do PIB. En termos de execución orzamentaria, as contas do sistema presentan un saldo negativo de 532 millóns de euros por operacións non financeiras, fronte ao saldo positivo de 2.443,4 millóns de euros obtidos no exercicio anterior. En concreto este resultado é consecuencia da diferenza entre uns dereitos recoñecidos de 121.675 millóns de euros, que diminuíron un 0,54%, e unhas obrigas

recoñecidas de 122.207 millóns de euros, que creceron nun 1,93% en relación ao mesmo período do ano anterior.

O diferencial teórico entre as obrigas contraídas e os dereitos recoñecidos pola Tesourería Xeral da Seguridade Social en Galicia, acadou no ano 2011 un déficit en torno aos 2.265 millóns de euros, lixeiramente superior ao rexistrado no ano precedente. O incremento no citado diferencial no ano 2011 é consecuencia da redución dos dereitos recoñecidos dentro do réxime xeral de cotización, réxime que pasa de ter un diferencial negativo no ano 2010 de 11 millóns de euros a 209 millóns de euros de saldo negativo no ano 2011. A igual que o réxime xeral, o resto de réximes de cotización presentan un diferencial negativo, salientando o caso do réxime especial de traballadores autónomos, cun diferencial entre dereitos e obrigas recoñecidos de máis de 1.350 millóns de euros.

As cotizacións sociais, con máis de 5.086 millóns de euros, supoñen o 99% do total dos dereitos

recoñecidos netos realizados pola Seguridade Social en Galicia no ano 2011, destacando, por réximes, as cotizacións do réxime xeral e do réxime especial de traballadores autónomos co 72,2% e o 13,2% do total respectivamente. As obrigas contraídas acadaron os 7.411 millóns de euros, das que o 98,4% se corresponden con transferencias correntes para financiar as prestacións económicas, na súa maior parte transferencias correntes para prestacións de pensións contributivas (6.900 millóns de euros).

O número de beneficiarios dalgún tipo de prestación en Galicia ascendeu no ano 2011 a 965.948 persoas, practicamente igual que no ano anterior. A estabilidade no número de beneficiarios explícase polo incremento dos perceptores de pensións contributivas e de prestacións contributivas por desemprego que mitiga os descenso no número de beneficiarios de pensións non contributivas, asistenciais e de subsidios por desemprego, fundamentalmente.

O número de beneficiarios de pensións contributivas en Galicia ascendeu a 727.600 persoas, un 0,9% máis que no ano anterior, cun importe medio de 674,1 euros mensuais, un 3,4% máis que no ano anterior. En comparación co resto do Estado, Galicia é a quinta comunidade con maior número de pensións contributivas, e, a pesar do incremento do 3,4% en relación ao ano anterior, non só segue sendo a Comunidade Autónoma con menor importe medio das pensións contributivas, se non que, en termos absolutos, se incrementa o diferencial existente co importe medio estatal.

Por tipo de pensión, todas as pensións contributivas en Galicia teñen un importe medio inferior á media estatal, así mesmo, o importe medio das pensións de xubilación e viuvez galegas é o máis reducido do Estado.

En relación ás pensións non contributivas, tanto en Galicia coma no conxunto do Estado, o seu número segue descendendo no ano 2011, situándose a nosa Comunidade como a cuarta con maior número de beneficiarios (10,2% do total

estatal), sendo as pensións de xubilación o 62,4% e as de invalidez o restante 37,6%.

Os beneficiarios das prestacións por desemprego aumentan no ano 2011 en Galicia un 2,3%, fronte ao descenso do 2,9% no conxunto do Estado. Dos 156.880 beneficiarios galegos das prestacións por desemprego, o 53,6% perciben unha prestación contributiva cun importe medio de 825,9 euros/mes. O 39,2%, isto é 61.577 persoas, perciben o subsidio por desemprego, e restante 7,2%, (11.206 persoas), reciben a renda activa de inserción, un 33,6% máis que no ano anterior, sendo beneficiarios desta prestación, entre outros requisitos, os maiores de 45 anos que estando desempregados perden o dereito á percepción das prestacións ou subsidios de desemprego.

O desemprego de longa duración explica, xunto á problemática asociada ao desemprego nas franxas de idade de maiores de 45 anos, a redución nos beneficiarios dos subsidios e o incremento nos de rendas de inserción.

Na liña do sinalado, no ano 2011 as taxas de cobertura, tanto para beneficiarios de prestacións contributivas como de subsidios, redúcense en ámbolos dous casos. Neste senso, a taxa de cobertura pasa do 73,4% no ano 2010 ao 68% no ano 2011, así ante un incremento de 20.924 parados rexistrados en Galicia no ano 2011, os beneficiarios de prestacións contributivas e de subsidios por desemprego incrementáanse en 746 persoas, e os beneficiarios da renda activa de inserción son 2.819 máis que no ano anterior.

O CES manifesta a súa preocupación polo incremento no número de desempregados sen prestacións e o aumento do peso relativo dos beneficiarios de rendas activas de inserción.

• Saúde

A evolución da poboación galega, cunha crecente esperanza de vida e unha reducida taxa de natalidade, reflicte un proceso de estancamento e envellecemento que condiciona, de xeito fundamental, as necesidades sanitarias en Galicia. No ano 2011 o 25,9% do total da poboación residente en Galicia tiña máis de 65 anos, porcentaxe que no conxunto do Estado é do 19,5%. Este maior peso relativo implica índices de vellez, envellecemento e sobreenvellecemento superiores aos da media española. A relación entre a poboación potencialmente dependente, menores de 15 e maiores de 65 anos, e a poboación activa, isto é o chamado índice de dependencia xeral, acadou no ano 2011 o 53,5%, un punto porcentual máis que no ano 2010 e 4,4 puntos máis que na media do Estado.

Tendo en conta que o gasto sanitario per cápita aumenta rapidamente coa idade, a estrutura da pirámide poboacional galega supón un condicionante e un reto para o sistema sanitario galego, que deberá ser tido en conta á hora de trasladar as medidas de eficacia e eficiencia na xestión dos recursos ao ámbito sanitario.

As enfermidades con maior taxa de morbilidade en Galicia, seguen sendo a gripe e a varicela, e as principais causas de morte as enfermidades do sistema respiratorio e os tumores. Neste senso, salientar que as defuncións causadas por tumores no ano 2010 foron 8.111, o que supón un incremento do 10% na última década.

A poboación protexida polo Sistema Nacional de Saúde en Galicia no ano 2011 era de 2.664.696 persoas, o 5,9% da poboación protexida no conxunto do Estado, sendo Galicia a quinta Comunidade Autónoma con maior poboación protexida. Esta última creceu nos últimos once anos un

3,4%, abarcando no ano 2011 ao 95,3% da poboación empadroada total.

Un dos obxectivos fundamentais na atención sanitaria segue sendo reducir o tempo de espera. Así mesmo, o CES considera recomendable adaptar as ferramentas de medición de xeito que sexan un mecanismo de diagnóstico para garantir o cumprimento dos tempos máximos de agarda e a priorización dos pacientes.

No ano 2011 rexístrase unha redución do número de pacientes na lista de espera estrutural cirúrxica e un incremento nos días de demora media. O número de pacientes en lista de espera situábase nas 35.590 persoas, sendo a súa demora media de 84 días (71 días no ano 2010). O 27,4% dos pacientes galegos en lista de espera cirúrxica son da especialidade de traumatoloxía, o 22,3% teñen unha patoloxía que require cirurxía oftalmolóxica e o 17,4% xeral ou de dixestivo. O tempo medio de espera en consultas externas diminúe de 61 días no ano 2010 a 55 no ano 2011.

O gasto farmacéutico en Galicia no ano 2011 acadou os 829 millóns de euros, consecuencia fundamentalmente, da entrada en vigor do catálogo priorizado de medicamentos, absorbendo o gasto farmacéutico o 24,6% do gasto sanitario en 2011.

A redución do gasto farmacéutico en Galicia (un 11% menos que no ano precedente) é superior á rexistrada no conxunto do Estado (-8,8%). Isto prodúcese a pesar do incremento no número de receitas facturadas (superior á media estatal), o que implica unha redución no gasto medio por receita facturada (-12,4%). O gasto medio por receita ascende a 12,44 euros e segue sendo o terceiro máis elevado a nivel autonómico.

• Indicadores de benestar social

Como indicadores de benestar social, téñense en conta os indicadores de pobreza e cohesión

social, a atención á dependencia e a discapacidade, as iniciativas sobre familia e infancia e a violencia e o maltrato.

En relación á pobreza e cohesión social, no ano 2010, últimos datos dispoñibles, os ingresos medios mensuais dos fogares galegos acadaron os 1.977 euros, 33 euros menos que no ano anterior. Destaca, a nivel provincial, o descenso dos ingresos medios da provincia de Pontevedra que pasan de 2.041 euros no ano 2009 a 1.931 no ano 2010, 110 euros menos.

O 43,7% dos fogares galegos teñen uns ingresos medios inferiores a 1.500 euros ao mes, e no ano 2010 o 31,4% obtiñan ingresos exclusivamente por prestacións, porcentaxe que ascende ata o 63,8% no caso dos fogares unipersoais.

No ano 2011, no 2,3% dos fogares galegos non existían perceptores de ingresos, o que, en termos absolutos son 23.100 vivendas, 4.100 máis que no ano anterior. Das 23.100 vivendas sen perceptores de ingresos, 6.400 vivendas están habitadas por tres ou máis persoas. O número de vivendas galegas nas que só un membro percibe ingresos é de 382.700, (o 37,4% do total), estando o 21,7% destes fogares, constituídos por tres ou máis persoas.

A taxa de risco de pobreza, entendida como a porcentaxe de persoas con ingresos inferiores ao limiar de pobreza en Galicia é, no ano 2010, último dispoñible, do 16,8%, inferior á media estatal que se sitúa no 20,7%. Neste senso, é de salientar que no citado ano 2010, 470.000 persoas residentes en Galicia obtiñan ingresos inferiores a 603,02 euros ao mes. Por nacionalidade, o 44,3% da poboación estranxeira residente en Galicia no ano 2010 ten un ingreso inferior ao limiar da pobreza, fronte ao 13,5% da poboación con nacionalidade española.

Un dos mecanismos destacables que tratan de paliar as situacións de pobreza e exclusión social son as rendas de integración social e as axudas de emerxencia social. No que respecta á renda de integración social, en Galicia no ano 2011

había 5.416 beneficiarios, 427 máis que no ano anterior, cun importe medio de 388,8 euros, sendo o perfil xeral do perceptor desta renda o dunha muller de entre 25 e 44 anos, solteira ou separada, con cargas familiares. En canto ás axudas de emerxencia social, no ano 2011 concedéronse 2.319 axudas cunha contía media de 1.025,8 euros. O perfil xeral do perceptor desta axuda é o dunha muller de entre 35 e 44 anos residente en núcleos de máis de 50.000 habitantes, dedicándose máis do 55% das axudas concedidas a cubrir necesidades primarias.

Ante as cada vez máis numerosas situacións de precariedade derivadas do incremento do número de vivendas sen perceptores de ingresos, o CES considera necesario que se siga a traballar na implementación e mellora dos mecanismos de inclusión social.

En relación á atención á dependencia, no ano 2011 prodúcese unha moderación no crecemento no número de solicitudes para valoración de acceso ao sistema, pasando de 87.975 solicitudes no ano 2010 a 89.625 no 2011.

No que respecta á atención á dependencia, o CES entende fundamental paliar o diferencial existente entre o número de persoas con dereito recoñecido á prestación, e o total de beneficiarios efectivos dos programas individuais de atención.

O 89% das solicitudes de valoración foron ditaminadas no ano 2011, ditames que nun 79,2% foron positivos. Isto indica que dos 79.797 ditames

emitidos, 63.176 se corresponden con beneficiarios con dereito a prestación, dos que 29.017 son beneficiarios aos que se lle recoñece unha dependencia de grao III, 26.177 beneficiarios con dependencia de grao II, e, finalmente, 7.982 beneficiarios con dependencia de grao I, nivel 2. Dos citados 63.176 beneficiarios con dereito a prestación, só 35.199 son persoas beneficiarias con prestacións no ano 2011.

No ano 2011 residían en Galicia 222.597 persoas cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%, das que o 50% teñen máis de 65 anos, sendo as discapacidades asociadas á mobilidade as máis frecuentes.

No que atinxe á evolución das prestacións e axudas públicas no ámbito da familia e da infancia no ano 2011 en relación ao ano anterior, mostra un incremento nas prestacións por risco durante o embarazo percibidas tanto por traballadoras por conta allea como por conta propia, un leve descenso das prestacións por maternidade, manténdose estable no 2% a porcentaxe das mesmas percibidas polos pais, un leve aumento das prestacións de paternidade, un 0,7% máis que no ano 2010, así como das prestacións familiares por fillo a cargo, e das excedencias por coidado de fillos e de familiares.

Finalmente, en relación ao problema da violencia de xénero, no ano 2011 rexistráronse en Galicia tres vítimas mortais.

• Medio ambiente e desenvolvemento sostible

Un dos factores determinantes fundamentais da calidade de vida e do benestar social é, cada vez en maior medida, os aspectos medioambientais. O cambio climático e as emisións de CO₂, son unha preocupación crecente, neste senso podemos destacar que en Galicia rexistráronse no ano 2011 máis emisións declaradas que asignadas, a causa das emisións das actividades de xeración de enerxía. A taxa de cobertura das emisións, definida como a relación entre asignacións e emisións verificadas, foi do 97,4%, fronte ao 113,6% do conxunto do Estado.

Os datos sobre incendios forestais producidos en Galicia no ano 2011 resaltan especialmente polo significativo aumento da superficie queimada respecto da do ano anterior. En efecto, no ano 2011 produciuse un incremento de máis do 100% no número de incendios (>1ha.) e un incremento de case o 150% da superficie total queimada en relación aos datos do ano 2010. En Galicia, ao longo do ano 2011, declaráronse 6.359 sinistros -4.364 conatos (<1ha.) e 1.995 incendios (>1ha.)-, que corresponde ao 39,7% dos sinistros rexistrados no conxunto de España, sendo a superficie total queimada en Galicia o 43,3% da superficie total afectada polo lume a nivel estatal. Ourense, volve a ser, un ano máis, a provincia onde se rexistraron o maior número de sinistros, o 41,2% dos incendios en Galicia, representando a superficie queimada o 75,3% da superficie arrasada total. No ano 2011 queimouse o 0,7% da superficie arborada galega e o 1,8% da superficie forestal total.

Resulta necesario insistir, en liña co xa expresado por este CES en memorias anteriores, na comenencia de establecer un debate social sobre a problemática dos lumes, e de implantar medidas de educación ambiental, prevención e extinción. O CES recomenda impulsar medidas preventivas de defensa do monte como política prioritaria, consensuada por todos os axentes sociais.

• Ocio e cultura

O gasto en cultura no ano 2010, último dato dispoñible, en Galicia acadou os 783,4 millóns de euros, dos que o 45,5% dedícanse a gasto en equipos e accesorios audiovisuais de tratamento da información e internet. O consumo neste tipo de equipamentos é o único que crece, fronte á estabilización do gasto en libros e publicacións periódicas e o descenso do consumo de servizos culturais.

O gasto medio por fogar en cultura é de 768,2 euros, o quinto máis reducido das 17 Comunidades Autónomas. Tanto o gasto medio por fogar, como o gasto medio por persoa, están en Galicia por debaixo do gasto medio estatal.

No ano 2010, último dato dispoñible, había en Galicia un total de 30.600 persoas ocupadas que desenvolven a súa actividade laboral no ámbito cultural, sendo a quinta Comunidade Autónoma cunha maior ocupación nese sector. O volume de emprego cultural en Galicia en relación ao ano anterior redúcese un 7,8%, contracción maior á experimentada no conxunto do Estado que foi do 6,2%.

O ano 2011 mostra un lixeiro repunte da produción editorial en Galicia, en termos de títulos publicados, nembargante, mantense constante a produción editorial en galego en relación aos títulos publicados no ano anterior, descendendo nun 10,3% no número de exemplares no idioma galego.

Finalmente no que respecta ao turismo cultural, no ano 2010, último dato dispoñible, só o 6,1% das viaxes realizadas por residentes españois que visitaron Galicia teñen como motivo principal a cultura, sendo esta porcentaxe do 58,7% no caso dos turistas estranxeiros. 

5

RECURSOS E CAPACIDADES PARA O DESENVOLVEMENTO

• Capital humano

No ano 2011 un descenso significativo (6,8%) no presuposto dedicado a educación e ordenación universitaria, se ben esta caída é catro puntos porcentuais inferior á rexistrada polo orzamento consolidado da Comunidade Autónoma. Tendo en conta esta evolución, o peso relativo do presuposto da Consellería de Educación aumentou en 2011 ata o 22,9%.

Ao igual que acontece no curso anterior, no último ano aumento o número de alumnos e descende tanto o número de centros como o de profesores. Non obstante, a educación pública e a privada (concertada e non concertada) seguiron unha evolución diferente, xa que mentres que o descenso dos centros se dá en ambos os dous casos (moito máis acusada no caso dos centros públicos, con 17 centros menos fronte aos 5 menos nos privados), é nos centros públicos onde aumenta o alumnado e descende o número de profesores.

Tendo en conta a devandita evolución, a rateo alumnos por profesor aumenta na educación

pública, pasando de 7,9 a 8,2 no curso 2011-12, e se mantén no caso dos centros privados en torno aos 7,7 alumnos por profesor.

Na liña das recomendacións da UE, valórase positivamente a existencia de instrumentos para fomentar a parentalidade positiva ou implicación dos pais na formación dos seus fillos (a modo de exemplo poder citarse o programa *Pre-escolar na casa*). Ademais, alértase das implicacións negativas que a redución de recursos destinados a tal fin pode ter dada a dispersión da poboación de Galicia.

O CES destaca a eficiencia e produtividade do sistema universitario galego no seu conxunto, tal e como reflicte o feito de que co 5,8% dos profesores universitarios en España, a produción científica representa o 8% do total das publicacións academicamente recoñecidas.

No caso da educación universitaria, as tres universidades galegas volven a presentar un descenso do seu alumnado, probablemente ligado á menor duración dos novos planos de estudos.

• Investigación e tecnoloxía

O gasto interno nas actividades de I+D rexistrou no ano 2010 (último dato dispoñible) un crecemento do 1,4% respecto ao ano anterior, manténdose constante no conxunto do Estado. Nese ano salienta o crecemento de case un 3% experimentado no sector empresarial en Galicia, a diferenza do que acontece en España, que rexistra unha caída do 0,8%.

O CES quiere resaltar o importante crecemento do gasto en actividades de I+D realizado polo sector privado e insta a manter esta tendencia a medio e longo prazo.

O entorno público (universidades e administración) concentra en Galicia o 54,9% do gasto interno, seis puntos e medio máis que en España, e o 66% do persoal empregado nestas actividades, unha porcentaxe case oito puntos porcentuais superior á do Estado.

A pesar desta evolución positiva, o gasto interno galego representa tan só o 3,6% do gasto interno español, cando o peso relativo do PIB a prezos de mercado (prezos correntes) é do 5,4%, ou o persoal empregado nestas actividades e o número de investigadores representan en torno ao 5%.

Galicia atópase non só lonxe da media española e europea en termos de esforzo investidor, ao dedicar o 0,96% do seu PIB a I+D fronte ao 1,37% da media española e o 2% destinado na UE-27, senón tamén lonxe do obxectivo establecido no Plan Estratéxico de Galicia para o horizonte do 2020 (3% do PIB).

O mantemento da poboación galega e o forte

incremento do persoal investigador (9,9%) explican o incremento do gasto por habitante e a redución do gasto por investigador. No ano 2010, o gasto interno per cápita situouse en 190 euros, o 61,5% da media española, e o gasto por investigador en 79.545 euros, o 73,4% do gasto no conxunto do Estado.

O Investimento da Xunta de Galicia presupostado para Investigación, Desenvolvemento e Innovación descendeu no ano 2011 un 7,1% respecto do ano anterior, acadando os 171,6 millóns de euros. Dese importe, case 63,5 millóns de euros corresponden ao programa “Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica”, un total de 48,7 millóns de euros ao programa “Investigación Universitaria” e 59,4 millóns de euros para o programa de “Fomento da Sociedade de Información e Coñecemento”.

O CES insiste na necesidade de incrementar os recursos, tanto públicos como privados, destinados a I+D+i e o esforzo investidor como requisito para o cumprimento das prioridades da estratexia Europa 2020: crecemento intelixente, crecemento sostible e crecemento integrador.

No ano 2011, o CDTI comprometeu un total de 51,3 millóns de euros (un 13% máis que en 2010) para o financiamento de 97 proxectos (81 no ano anterior), situándose o investimento total dos devanditos proxectos en 68,1 millóns de euros. Comparado co conxunto do Estado, cómpre salientar o mellor comportamento na Comunidade Autónoma de Galicia, onde a achega directa do CDTI medra un 13% fronte ao 4,3% de España, en tanto que o investimento total medra un 9,6% fronte ao descenso dun 0,1% no Estado.

No marco da estratexia da “Axenda Dixital de

Galicia 2014.gal”, a Xunta de Galicia executou no ano 2011 un orzamento de 330,9 millóns de euros, un 8,2% menos do previsto para ese ano. Este presuposto mobilizou un investimento privado de 117,8 millóns de euros, que se dirixiron fundamentalmente ás liñas “Transforma TIC” (64,4 millóns) e “InfraTeleCom” (48,9 millóns).

O comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía presenta un 2011 un forte incremento do seu saldo positivo, que se sitúa nos 54,2 millóns de euros fronte aos 8,3 millóns de euros do ano anterior. Este comportamento ven motivado, fundamentalmente, pola medra do 27,4% experimentada polas exportacións. A pesar de esta positiva evolución, o peso relativo do total de importacións e exportación galegas destes produtos segue a ser escaso, representando o 1,3% das exportacións e o 1,2% das importacións. Por sectores produtivos, case o 52% das exportacións galegas de produtos de alta tecnoloxía, e o 26,7% das importacións, teñen a súa orixe no subsector de produtos químicos, seguido en orden de importancia polo subsector de material electrónico (21% das exportacións e o 30,7% das importacións).

Finalmente, dende o punto de vista funcional, destináronse en 2011 uns 59,4 millóns de euros do orzamento autonómico para a promoción e fomento da Sociedade do Coñecemento. Neste eido, cabe salientar a tendencia ascendente en canto ao equipamento en tecnoloxías de información e comunicación nos fogares galegos de xeito que, no 2011, o 53,3% dos mesmos xa tiñan acceso á internet (fronte ao 48,9% do ano anterior). Non obstante, Galicia atópase moi lonxe da media estatal e se sitúa coma a segunda comunidade autónoma con menor dispoñibilidade de ordenador, e a que presenta menor porcentaxe de vivendas con acceso a internet e con conexión de banda ampla. A porcentaxe de empresas galegas que dispoñen de sitio/páxina web é do 61,2%, case seis puntos por baixo da media estatal.

• Infraestruturas

No ano 2011 aprobáronse definitivamente as

Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) e o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL), que son os instrumentos que deberán articular o territorio galego. Dunha banda, as DOT teñen como finalidade definir un modelo territorial que permita orientar as actuación sectoriais, dotándolas de coherencia espacial e das referencias necesarias para que se desenvolvan de acordo cos obxectivos xerais da política territorial galega. Doutra banda, o POL ten por obxecto establecer o marco de referencia para a ordenación urbanística da zona litoral e desenvolver a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

Asemade, cómpre salientar a adopción, por parte da Comisión Europea, da proposta sobre as Orientacións da Unión para o desenvolvemento da Rede transeuropea de Transporte, onde se define a estratexia a longo prazo para a política da RTE-T ata 2030/2050 e teñen como principal obxectivo o de establecer unha rede de transporte completa e integrada, que abarque todos os Estados membros e rexións e que aporte a base para o desenvolvemento equilibrado de todos os modos de transporte.

No que atinxe á situación de Galicia na rede principal e global da RTE-T, hai que destacar, dunha banda, que tan só o porto de A Coruña ten a consideración de porto nodal, e doutra, a consideración de rede ferroviaria principal da liña A Coruña-Santiago-Ourense-Zamora para pasaxeiros e a saída das mercadorías dos portos de A Coruña e Vigo, a través da variante por Cerdedo, cara a Ourense (alta velocidade), e de aí a Monforte de Lemos (a saída cara a León realizarase a través da rede convencional).

O CES considera que, ademais do porto de A Coruña, o porto de Vigo debe ser incluído na rede principal de portos, entre outros aspectos, por ser porto de referencia a nivel internacional no que á pesca se refire.

En materia de infraestruturas ferroviarias, trala inauguración dos tramos Santiago-A Coruña e Ourense-Santiago, a partir do 11 de decembro circulan en Galicia trens con velocidade alta.

Dada a significativa demora na finalización das infraestruturas básicas de transporte, o CES insiste na necesidade dunha maior transparencia na información acerca do estado real das mesmas e considera indispensable un programa detallado, por tramos e orzamentos anuais asociados, que garantan a súa posta en funcionamento no menor tempo posible.

A superficie bruta real de solo empresarial ofertado en 2011 ascendía a 40,2 millóns de metros cadrados, dos que 35 millóns corresponden a solo empresarial en funcionamento. Cómpre salientar que en Galicia, da superficie neta en funcionamento, estaba dispoñible o 7,8%. No caso das actuacións en execución, o 88,5% da superficie neta estaba dispoñible.

O CES incide novamente no feito de que, xunto ao incremento da dispoñibilidade de solo de calidade, especialmente nas áreas máis dinámicas de Galicia, é necesario promover a coordinación e cooperación entre os distintos promotores (administracións públicas e promotores privados), así como realizar estudos para o seguimento das políticas desenvolvidas en materia de solo empresarial. ■

